

INFORMACIÓN

MAÑÁS DE CAMPAMENTO 2021

PERÍODOS, TARIFAS, HORARIOS E INSTALACIÓNS

PERÍODO	ACTIVIDADES LÚDICO-PEDAGÓXICAS 9:00-14:00h	CON XANTAR 9:00-16:00h	ALMORZO 7:30-9:00h	INSTALACIÓN 3 A 5 ANOS (Educación Infantil)	INSTALACIÓN 6 A 12 ANOS (Educación Primaria)
Do 12 ao 30 de xullo (3 semanas)	63 €	150 €	37,5 € (3 semanas)	CEIP Vila de Rutis ou CEIP Ría do Burgo*	CEIP Sofía Casanova
Do 19 ao 30 de xullo (2 semanas)	42 €	100 €	25 € (2 semanas)	CEIP Vila de Rutis ou CEIP Ría do Burgo*	CEIP Sofía Casanova
Do 2 ao 13 de agosto (2 semanas)	42 €	100 €	25 € (2 semanas)	CEIP Vila de Rutis	CEIP Sofía Casanova
Do 16 ao 27 de agosto (2 semanas)	42 €	100 €	25 € (2 semanas)	CEIP Vila de Rutis	CEIP Sofía Casanova
Do 2 ao 27 de agosto (4 semanas)	84 €	200 €	50 € (4 semanas)	CEIP Vila de Rutis	CEIP Sofía Casanova

- *Elixir o centro de preferencia na solicitude.*

Horario da actividade (ver na táboa anterior): de luns a venres, agás festivos.

Reducións de tarifas:

a) familias numerosas: 50 % na tarifa de cada fillo/a nas actividades lúdico-pedagóxicas, no caso de que os ingresos brutos da unidade familiar non superen os 660€ por membro.

b) familias non numerosas: se se matriculan 2 irmáns, 20 % desconto no segundo fillo/a inscrito/a na actividade.

c) tarifa especial: con informe da Área de Benestar Social, poderase aplicar tarifa gratuíta. No caso de ámbolos dous cónxuxes desempregados, ademais de informe, certificación INEM actualizada.

Nos casos nos que as persoas teñan dereito á redución de tarifa, deberán achegar o xustificante que corresponda no momento da matrícula.

As bonificacións sobre estas tarifas serán as que se recollen nos prezos públicos vixentes por ensinanzas e actividades educativas, culturais, deportivas e xuvenís.

DESTINATARIOS/AS

Nenas e nenos empadroadas/os en Culleredo, de entre 3 e 12 anos matriculadas/os no curso actual en Educación Infantil ou Primaria. Nenas e nenos con NEE ou NEAE deberán consultar as condicións de participación no Servizo municipal de Educación (981665597).

CRITERIOS DE ACCESO

Terán preferencia:

- 1º** Familias empadroadas en Culleredo (compróbase de oficio).
- 2º** Familias que acrediten a necesidade de conciliación.
- 3º** Familias que acrediten domicilio laboral en Culleredo (no caso de non empadroados).
- 4º** De haber máis demanda que oferta de prazas nalgún dos campamentos, realizarase un sorteo o **día 28 de xuño de 2021** ás 10:00 h, no que se extraerá a letra do primeiro apelido dos solicitantes que determinará a admisión por orde alfabética a partir desa letra.

PROGRAMA

Actividades deseñadas para "reconectar" coa realidade, gozar do xogo ao aire libre sempre que o tempo atmosférico o permita, convivir e relacionarse cos iguais coas debidas precaucións. As actividades estarán adaptadas ás diferentes idades, cun enfoque activo e participativo, e estarán unidas por un fío conductor. A ciencia, a historia, a música e as artes, a natureza serán temáticas que se abordarán nos diferentes obradoiros. Teranse en conta todas as medidas de prevención que as autoridades sanitarias recomenden e as familias deberán respectalas e acatalas.

SOLICITUDE DE PRAZA

Farase a solicitude previa de praza desde o martes **15 ao 18 de xuño, ás 14:00h.**

HORARIOS E FORMAS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.- Por correo electrónico (preferente) desde as 00:00 h do día **15 de xuño** ata as 14:00 h do **día 18 de xuño** no enderezo campamentos@culleredo.es co asunto: **solicitude praza Mañás campamento 2021.**

2.- Vía presencial: de 9:00 a 14:00 h no Edificio de Servizos Múltiples os días **15,16,17 e 18 de xuño (con cita previa,** chamando ao 981665597).

Para solicitar praza deberá achegarse:

1. **Boletín de solicitude** cuberto e asinado por ambos os cónxuxes.

2. Documentación acreditativa da necesidade de conciliación:
 - **fotocopia do encabezamento da última nómina de ambos os proxenitores.**
 - **documento certificado da/s empresa /s que acredite que non teñen vacacións no período solicitado.**
 - **autónomos: último recibo de pago.**
3. No caso de nenos e nenas con NEE/NEAE, **informe** que acredite que ten habilidades para a vida diaria e compatibilidade para a participación nesta actividade.
4. Xustificante de domicilio laboral en Culleredo (as persoas non empadroadas que aleguen esta condición).
5. Só familias numerosas: fotocopia do título de familia numerosa.
6. No caso de familias monomarentais ou monoparentais: documentación xustificativa.

NON SE TERÁN EN CONTA AS SOLICITUDES QUE NON ESTEAN COMPLETAS, LEXIBLES E DEBIDAMENTE ASINADAS

Listaxes provisionais: O día **23 de xuño** publicaranse na páxina web do Concello e no edificio de Servizos Múltiples as listaxes provisionais de persoas admitidas e as de agarda.

Prazo de reclamacións: O prazo de reclamacións ás listaxes provisionais será o **25 de xuño**.

Sorteo público: Se hai máis solicitantes que prazas nalgún dos campamentos, realizarase un sorteo o día **28 de xuño de 2021**, ás 10:00 h, para extraer a letra do primeiro apelido a partir do que se iniciará a admisión.

Listaxes definitivas: O día **29 de xuño** no edificio de Servizos Múltiples e na páxina web do Concello publicaranse as listaxes definitivas das persoas admitidas e as que quedan en agarda.

MATRÍCULA

Prazo de matrícula: do **1 ao 5 de xullo, ambos incluídos**.

Para formalizala, achegar ao **CORREO ELECTRÓNICO** antedito:

- Xustificante bancario do ingreso en Abanca (ES79 2080 0065 37 3110000020) no que apareza o concepto **"Mañás de campamento 2021"**, o nome do neno ou nena, a quenda que se escollese e, de selo caso, os servizos opcionais de almorzo e/ou xantar.

Se unha vez que remate este prazo, as persoas admitidas non formalizan a MATRÍCULA, perderán a praza e chamarase (ata dúas veces) ás que figuran na lista de agarda por orde.

As familias solicitantes asumirán que estas actividades poden sufrir cambios ou mesmo anularse afectadas pola situación de pandemia e a súa evolución, pola detección de casos nas instalacións ou mesmo por circunstancias sobrevidas.